

A ATT. FISCALÍA DE MEDIO AMBIENTE DE GALICIA

Asunto: Denuncia por presuntos delitos contra os recursos naturais e o medio ambiente, deixazón de funcións e prevaricación administrativa na xestión dos meirandes Incendios forestais de Galiza.

Dona XXXXXXXXXX, con D.N.I nº XXXXXXXX, actuando en nome e representación de XXXXXXXXXX, entidade sen ánimo de lucro, con CIF XXXXXXXX, e con enderezo a efectos de notificacións en XXXXXXXXXX, aos efectos oportunos e como mellor en Dereito proceda, comparezo e Digo:

Que en defensa do interese difuso constituído polo ben xurídico do medio ambiente e en atención ás queixas recibidas por particulares presentadas diante de XXXXXXXX:

EXPON:

PRIMEIRO: Que a Asociación XXXXX en cuxo nome actúo ten como finalidade primordial promover as actuacións correspondentes a defensa da natureza e dun medio ambiente axeitado, tendo o seu ámbito de actuación en Galiza.

SEGUNDO: A Asociación XXXXXXXX, por medio dos asociados e asociadas, dos veciños e veciñas das zonas afectadas así como da información aparecida nos medios de comunicación, é coñecedora que ao longo das tres últimas semanas os incendios forestais teñen producido graves efectos nos montes e ecosistemas de máis valor de Galiza (Parque Natural do Invernadoiro e Macizo Central ourensán, Serra do Courel, bisbarra de Valdeorras, Val de Monterrei, Montes da



Cañiza, Montes da bisbarra do Ribeiro e Arenteiro, Serra da Queixa, Pena Trevinca...). Tamén graves e destacables son as situacións que se teñen vivido en aldeas e poboacións con varias casas calcinadas, perigo para instalacións, infraestruturas... Situación agravada pola falla de medios para a extinción das chamazas, especialmente entre o 14 e o 27 de xullo de 2022. Só nestes días arderon máis de 30.000 Ha de superficie entre os lumes de Courel, Pobra de Brollón, Valdeorras e Macizo Central ourensán, cifras que na última década só se superaron en 2011 e 2017. Tanto é así, que os lumes forestais acontecidos na segunda metade do pasado mes de xullo xa son considerados os incendios máis grandes ou de maior envergadura da nosa historia¹. Téñase en conta que no PLADIGA vixente son denominados Grandes Incendios Forestais (GIF) aqueles que superan unitariamente as 500 Ha de superficie afectada. Os lumes do Courel e de Valdeorras superaron individualmente as 10.000 Ha de monte queimado en tan só 5 días.

TERCEIRO: Moitas destas áreas naturais calcinadas pertencen a espazos naturais protexidos de Rede Natura 2000, que se viron seriamente danados: ZEC ES1120001 Ancares-Courel, ZEC Macizo Central, ZEC ES1130005 Río Támega, ZEC ES1130007 Pena Trevinca, ZEC ES1130002 Macizo Central, Parque Natural do Invernadoiro, Parque Natural Serra da Enciña da Lastra. Estes espazos naturais protexidos recollen os ecosistemas máis representativos e significativos do territorio galego.


Á falta de coñecer datos oficiais sobre a superficie protexida afectada polos lumes máis recentes, as informacións extraoficiais recibidas son desalentadoras. No Courel, serra de maior biodiversidade de Galiza e único xeoparque declarado pola Unesco, onde se rexistra o 40% de toda as especies vexetais presentes no noso territorio, ardeu unha

¹ <https://www.farodevigo.es/galicia/2022/07/20/incendios-valdeorras-courel-grandes-historia-68549623.html>

boa parte da área protexida, habendo estimacións que sitúan no 50% a perda da superficie protexida. No caso do Parque Natural do Invernadoiro o lume tamén devastou máis da metade da superficie protexida, incluído o 100% da zona da reserva integral. A día de hoxe (agosto 2022) novos focos están en activo neste parque natural.



Mapa lumes últimos 30 días. En azul, os grandes lumes da serra do Courel e Pobra de Brollón, Serra de Enciña de Lastra, Valdeorras, e Parque Natural do Invernadoiro. En vermello, os focos hoxe (10/08/2022) activos, no ZEC Macizo Central e a carón do Teixedal



Imaxe satélite do lumes a 21/07/2022 na ZEC Serra do Courel, ZEC Enciña a Lastra e ZEC Macizo Central (PN O Invernadoiro). En verde os espazos naturais protexidos como RN2000, en vermello a superficie queimada entre o 15/07/2022 e o 21/07/2022.

Perante esta devastadora situación de perda ecolóxica, nin a Consellaría de Medio Rural, nin a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda deron conta publicamente, nin daquela, nin hoxe da superficie protexida afectada polos lumes. Particularmente

desafortunada e preocupante está a ser a falta de manifestación pública por parte da Consellaría de Medio Ambiente e o desentendemento da súa titular, a cal está a facer deixazón absoluta das súas funcións públicas nesta situación de crise ambiental pola que está a pasar Galiza.

CUARTO: O perigo producido polos incendios forestais, a calcinación de milleiros de hectáreas de montes e ecosistemas, o risco para as poboacións, instalacións, infraestruturas... agravouse debido a que a maioría dos traballos de prevención de incendios previstos para o ano 2022 están sen executar a día de hoxe. O Plan de prevención de incendios forestais (PLADIGA) presentado o 5 de maio de 2022, polo entón Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, cun orzamento de máis de 180 millóns de euros, tiña previsto un investimento de 33 millóns de euros para labores de prevención en 58.000 hectáreas de montes, 58.000 quilómetros de pistas...

Desde a creación dos plans do INFOGA e PLADIGA, por primeira vez neste ano, non foi presentado o PLADIGA 2022 no Consello Forestal de Galicia, órgano colexiado de consulta forestal, sendo aprobado unilateralmente pola Xunta.

Porén, tal e como dispón a norma e como así aparece referido na páxina web oficial relativa ao PLADIGA 2022 da Xunta de Galicia (<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/defensa-monte/pladiga-2022>):

*A elaboración do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia corresponde á consellería competente en materia forestal. A aprobación deste plan corresponde ao Consello da Xunta, a proposta da devandita consellería, **oído o Consello Forestal de Galicia.***

QUINTO: No mes de xullo en Galiza queimáronse preto de 40.000 hectáreas con millóns de animais atrapados e mortos polo avance das lapas. Galiza carece dun protocolo de actuación para minimizar os efectos dos incendios sobre a fauna ou para recoller os animais feridos e tratar de curalos nos centros de recuperación de fauna salvaxe xestionados pola Consellería de Medio Ambiente, deixando por tanto ao marxe da planificación unha parte importante do patrimonio natural afectado polos lumes forestais e que pode e debe ser abordada

SEXTO: Os galegos e galegas teñen dereito a ser informados con veracidade por parte da administración pública e, nomeadamente da Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia). Porén non se deu ningunha clase de información, tal e como se presentou no Consello Forestal de Galicia (31 de maio de 2022), do Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP) nos grandes incendios forestais, co cronograma que se establece, non só hai que coñecer as brigadas que actúan senón que tamén de cantas persoas está composta cada unha delas, hora de entrada e saída, número das persoas que integran o operativo en cada intre (número de operarios de brigadas, axentes medioambientais, técnicos, medios aéreos e número de operarios das brigadas de helicópteros ...).

Así mesmo, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia² viuse obrigado a denunciar a opacidade da Xunta de Galicia na información sobre os incendios e a pedir á Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galicia unha mellora na transmisión pública dos datos sobre os incendios forestais, de cara a facilitar o seu traballo xornalístico e a poder achegar unha información completa e veraz do que está a

² <http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/204797-colexio-xornalista-denuncia-opacidade-xunta-informacion-incendios>

acontecer.

É especialmente destacable, que agás as referencias ao Parque Natural do Invernadoiro e ao Parque Natural da Enciña da Lastra, en ningún comunicado da Xunta se fixo alusión á afección directa dos lumes sobre espazos naturais protexidos e/ou a Rede Natura 2000, evitando conscientemente informar sobre a superficie afectada en espazos naturais protexidos ou sobre a incidencia ecolóxica dos lumes forestais.

A colaboración entre a administración e os medios de comunicación para facilitar a información da cidadanía é especialmente importante nun tema tan sensíbel como o dos lumes, que xera unha grande preocupación na cidadanía.

SÉTIMO: "Previsibilidade de risco extremo" tendo en consideración os datos do ano hidrolóxico, os datos facilitados pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) a propia MeteoGalicia na que sinalaban claramente a previsión de altas temperaturas, humidade relativa moi baixa e ventos de intensidade variable (treboadas secas e lóstregos), os indicadores diarios de incendios forestais (IRDI) permitían vaticinar que, en caso de focos iniciais de incendio forestal, estes podían converterse con facilidade en Grandes Incendios Forestais (GIF) como así lamentablemente pasou a partires do día 14 de xullo do ano en curso.

A experiencia acumulada en Galiza, primeiro cos INFOGA e agora cos PLADIGA, observando os condicionantes da previsión do tempo, a situación da vexetación, a non realización dos traballos de prevención, e dadas as previsións, conséntase que houbo desleixo por parte da Xunta de Galicia ao non activar a situación en función das necesidades previsibles (Tempada de máximo Risco de Incendios) e

outras normas que regulan os incendios forestais, así como non activar e dar aviso a tódolos operativos dispoñibles (brigadas, autobombistas, axentes medioambientais, GES, Parques de Bombeiros Comarcais, forzas e corpos de seguridade....) cando se sabía que a situación era "extraordinaria e de risco extremo".

Producidos os primeiros "focos iniciais" incendios forestais, non se actuou en tempo nin en forma cos medios suficientes co fin de intentar controlar a súa expansión e minimizar os efectos dos lumes tanto nos ecosistemas como os danos económicos e sociais que se podían producir.

Alén do anterior, e a xulgar polo mapa contido no PLADIGA 2022 relativo á localización dos incendios que afectaron a espazos protexidos na última década, é unha constante e facilmente previsible que os espazos naturais protexidos de Galiza, nomeadamente das provincias de interior, corren un alto risco de incendio en épocas de elevada incidencia incendiaria e que, por tanto, deberan ser dotados dos adecuados medios de prevención e extinción ao longo de todo o ano e nomeadamente no verán e outono, cuestión que vén sendo reclamada á Xunta por esta entidade e por outros colectivos sociais e ecoloxistas³ nos últimos anos, e de forma intensa desde os incendios de 2017⁴.

³ <http://adega.gal/novas.php?id=875&idioma=gl&sec=116>

⁴ <http://adega.gal/revistacerna/novas.php?a=&id=1014&idioma=gl&sec=7>




Gráfico 23: localización dos incendios que afectaron a espazos protexidos na última década (2012-2021).

OITAVO: No PLADIGA 2022, Anexo 10.3, expóñense as conclusións dos estudos técnicos sobre a incidencia dos incendios forestais na ZEPVN “Os Ancares-O Courel” (Lugo) e na ZEPVN “Baixa Limia” (Ourense).

Neste documento fanse unha serie de propostas de mellora de infraestruturas na defensa do monte, atendendo a que nos últimos 10

anos acadáronse preto de 8000 Ha queimadas na ZEPVN Ancares-Courel, con 450 lumes de media, de xeito que un terzo da superficie queimada afectou a este espazo protexido. E tamén foron arrasadas polos lumes case 50.000 Ha na XEPVN Baixa Limia na última década, tras padecer máis de 1000 incendios! de media, afectando a 4 espazos naturais protexidos (ENP).

Segundo o documento: “a xestión destes Espazos Naturais protexidos (ENP) debería pasar pola creación de mosaicos heteroxéneos a diferentes escalas, fixación da poboación rural, facilidade para a xestión tradicional así como pola mellora de defensa contra incendios que faciliten a intervención nestes grandes incendios forestais”.

Porén, malia a recoñecer a necesaria dotación de medios de prevención e extinción nos ENP, pouco ou nada se ten feito neste eido, non pasando etas propostas do papel e incumprindo unha vez máis as disposicións do PLADIGA e deixando á súa sorte a seguridade dos núcleos de poboación con maior risco de ameaza polos lumes.

NOVENO: Ademais de non activar o 1 de xullo de 2022 todo o operativo de "Tempada de Máximo Risco de Incendios" tal e como establece o PLADIGA 2022, tendo en consideración a situación de alarma por risco extremo de incendio forestal, debíase complementar a activación devandita con medidas complementarias establecidas nos protocolos de Protección Civil tanto da comunidade autónoma como do Estado español.

Os incendios forestais non tiveran acadado tal incidencia se por parte da Xunta se activasen todos os medios previsto, se se tivera solicitado axuda ao Estado e a Unión Europea, tal e como se solicitou expresamente por algunhas entidades ecoloxistas. Tampouco se terían dado os danos extremos aos ecosistemas, nin as situacións de perigo

extremo para as poboacións, instalacións e infraestruturas. De estar dispoñible todo o persoal que se prevía activar polo PLADIGA, o conxunto do operativo tería mellorado significativamente a súa capacidade para controlar os focos iniciais antes de que os frontes de lume acadasen as dimensións que fixeron que durante moitos días estiveran fora da "capacidade de extinción".

O operativo estivo "desbordado desde o principio" pola falla de medios técnicos, materiais e humanos. Brigadas que entraban día si e día tamén con só 1, 2 ou 3 compoñentes (a brigada forestal tipo dos servizos forestais de Galicia é de 5 compoñentes), as poucas autobombas dispoñibles sen cubrir as 24 horas do día por falla de condutores, vehículos autobombas gardadas nos garaxes, brigadas de reforzo de verán das bases de helicópteros sen contratar, brigadas de concellos sen activar, vacantes e baixas do operativo de prevención e extinción de incendios forestais sen cubrir...

Ademais, comprobamos a través das notas informativas da Consellaría de Medio Rural sobre a situación dos incendios que a dotación dos dispositivos non responde á lóxica enviar máis medios aos lumes máis virulentos. Por exemplo, na nota informativa publicada o 15 de xullo ás 19.45 horas, a Consellaría de Medio Rural informaba que na parroquia de Seceda de Folgoso do Courel, na que xa se decretara como medida preventiva Situación 2, e onde o lume xa afectaba a 700 Ha, só estaban traballando 6 axentes, 9 brigadas, 3 motobombas, 2 avións e 1 helicóptero. O mesmo acontecía na parroquia de Saa de Pobra do Brollón, onde xa levaban ardido 500 Ha e só estaban traballando na extinción do lume 2 técnicos, 4 axentes, 9 brigadas, 6 motobombas, 1 pa, 2 helicópteros e 4 avións. Mentres na parroquia de Quins da localidade de Melón, participaron no control dun lume de 50 Ha 19 axentes, 30 brigadas, 25 motobombas, 4 pas, 6 helicópteros e 3 avións. Ou en Ribadavia, na parroquia co mesmo nome, mobilizáronse

2 técnicos, 30 axentes, 61 brigadas, 44 motobombas, 4 pas, 2 unidades técnicas de apoio, 9 helicópteros e 5 avións por un incendio que afectou a 65 hectáreas.

Fica claro que o grao de mobilización do operativo de prevención e extinción de incendios se guía por criterios que non obedecen á virulencia dos lumes e do seu posible impacto ambiental, senón por outros criterios que se descoñecen.

Así pois, o grao de mobilización do operativo de extinción nos incendios de O Courel ou Valdeorras pódese considerar equiparable ao que se activa durante unha precampaña nos meses de marzo, abril, maio, xuño. Un dispositivo totalmente insuficiente, co risco que isto comporta mesmo para a súa integridade física, cando se están a dar condicións de extremísima emerxencia: montes enteiros ardendo, os espazos naturais de máis valor de Galicia calcinándose, aldeas e poboacións afectadas con casas queimadas sen axuda, veciños e veciñas organizadas para cos seus poucos medios protexer as vivendas, instalación, cultivos e eidos... Lembremos que unha máxima de tódolos servizos de emerxencia é que os mesmos "débense expandir e contraer en función das necesidades", lamentablemente non foi o caso.

DÉCIMO: Desde a Xunta de Galiza non se fixo uso, a pesares de telo solicitalo por escrito entre outras por Amigos da Terra e tendo en consideración a situación de emerxencia e "colapso" da situación pola falla de medios, do Nivel 3 por incendios forestais. Sabendo co Nivel 3 de emerxencia por incendios forestais ten que ser declarado polo Ministerio do Interior do Goberno de España.

Non solicitou axuda á Unión Europea, a sabendas de que Europa ten o Mecanismo de Protección Civil para a axuda aos países da unión

cando precisen medios para facer fronte ás emerxencias. Mecanismo do que teñen feito uso estados como o alemán, francés, grego... Portugal, nos días en que ardía Galicia, tivo medios axudando a extinción de incendios de Italia, Francia e España...

Tendo en consideración a situación, Amigos da Terra solicitou por rexistro (22 de xullo de 2022) a activación do Nivel 3 e o Mecanismo de Protección Civil da Unión Europea. Solicitud feita ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente do Estado español.

UNDÉCIMO: Como consecuencia do anteriormente exposto, a asociación a que represento comprobou que se produciron fortes danos nos montes e ecosistemas de máis valor de Galicia, danos á flora e á fauna que poderían ser irreparables, contaminación polos gases emitidos pola combustión da vexetación, danos aos acuíferos, a salubridade das augas e ecosistemas fluviais afectados. Tamén houbo perdas materiais significativas, de vivendas, instalacións e danos nas infraestruturas, fortes perdas económicas e sociais que poñen en risco a sustentabilidade e o futuro das bisbarras afectadas.

DUODÉCIMO: Que o artigo 325 do Código Penal castiga a quen “provoque ou realice directa ou indirectamente emisións, verteduras, radiacións, extraccións ou escavacións, soterramentos, ruídos, vibracións, inxeccións ou depósitos, na atmosfera, no solo, no subsolo, ou nas augas terrestres, marítimas ou subterráneas [...]”.

Que se imporá a pena superior en grado cando na comisión de calquera destes feitos, os mesmos se realicen coa concorrencia dalgunha das circunstancias que sinala o artigo 326 do mesmo texto normativo: os feitos que aquí se describen puideran realizarse de “forma clandestina”, non dispendo da preceptiva autorización ou aprobación administrativa para elo (art. 326 a)); ocultando

información sobre os aspectos ambientais da actividade (art. 326 b));
ou, producindo un risco irreversible ou catastrófico (art. 326 e)).

Que o artigo 332 do Código Penal tipifica como delito relativo á
protección da flora, o que "con grave prexuízo para o medio ambiente
...], destrúa ou altere gravemente o seu hábitat".

Que os feitos relatados, con resultado de grave prexuízo para a
comunidade afectada, poden ser obxecto mesmo de delito deixazón
de funcións por parte das autoridades públicas, tipificada no artigo
409 do Código Penal, en referencia ao abandono dun servizo público
por parte das autoridades e funcionarios públicos ao negarse á
prestación do auxilio requirido.

Mesmo se debe atender á posible comisión dun delito de
prevaricación administrativa, ao entendermos que as autoridades
pública competentes, a sabendas da súa inxustiza, non dotaron de
suficientes medios de extinción os meirandes lumes forestais da
historia de Galiza e non cumpriron coa súa obriga de ter activos todos
os dispositivos necesarios en tempo e forma.

Por todo isto,

SOLICITO:

Que tendo este escrito por presentado sírvase admitilo e, que, tendo
en conta os feitos descritos que se denuncian por presupoñela ilegal
co que a situación puidera devir nun delito ecolóxico, e que non
cumpren os criterios básicos esixidos para garantir a protección do
medio ambiente e pondo en perigo a seguridade das persoas, por
medio do presente escrito, formulo petición ao fin de que a Fiscalía

de Medio Ambiente actúe de oficio e se investigue en profundidade os feitos enriba sinalados e se practiquen as dilixencias necesarias para o seu esclarecemento e concreción das responsabilidades penais e civís que poidan existir.

En Santiago de Compostela, a XXXXXXX de 2022

Asdo.: